

**COMUNICADO Nº 064/23
13 DE ABRIL DE 2023**

ACTUALIZACIÓN CLASE I NO CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS.

Vehículos autorizados:

.-Vehículos de turismo, cunha cilindrada ata 1.600 c.c., e con motor atmosférico e xestionados por centralita, vehículos de estrita serie. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles. Non se autoriza a participación de vehículos de tracción traseira.

Terán que solicitar a Federación a aceptación do vehículo, para o efecto de admisión-inclusión, e manter criterio de igualdade mecánica

.- Motor e caixa de serie do fabricante.

.- Motor:

.-De estrita serie do fabricante e de orixe do vehículo.

Para os modelos do grupo PSA Autorízase a monta de bloque-culata do modelo NFU no lugar dos NFX. Non se autoriza intercambiar pezas dun tipo de motor para outro da marca ou modelo que sexa.

Escape:

.-Colectores de escape de serie do fabricante. Permítese o anulado do catalizador. Libre dende o primer silencioso.

Admisión:

.-A admisión e libre ata a bolboreta de admisión, de aí ata o motor debe ser de serie do fabricante.

.-Caixa de cambios;

.-A do vehículo de serie. Autorízase a substitución do grupo final por un libre, a relación de marchas debe ser de serie do fabricante. Prohíbense caixas secuenciais, dentes rectos, ou crabots. Da mesma forma prohíbense o uso de pezas específicas de competición no cambio.

.- Prohíbense os autoblocantes ou calquera forma de bloqueo do mesmo.

.- Quickshift ou similares quedan prohibidos.

.- Cabreado:

Instalación eléctrica de serie.

Poderase simplificar o cabreado da instalación eléctrica, pero débese manter de estrita serie a parte da instalación e conexión da centralita. Todos os sensores e actuadores de serie deben estar montados e en funcionamento.

.-A centralita de inxección de serie do fabricante.

.- Instrumentos:

.-Cadro de reloxo e salpicadeiro de serie do fabricante .

.- Lamias:

.-As 15 pulgadas máximo.

.- Pneumáticos:

.-Pirelli só autorizados os das seguintes medidas:

-165/70 R14 TLST T6.

-165/70 R15 TLST K6 RIGHT.

-165/70 R15 TLST K6 LEFT.

.-Suspensión:

.-Sistema ou forma de serie do fabricante. Autorízase a substitución de resorte e amortecedores de variante orixinal por uns deportivos. Prohíbense amortecedores regulables ou de varias vías. Prohíbense amortecedores con botellas. Prohíbense os resortes roscados.

.- Freos:

.-E obrigado un freo de mao eficaz nalgún dos dous eixos. Autorízase a substitución do freo de man de serie por un freo de man hidráulico. Autorízase a monta dun repartidor de freada regulable no interior do vehículo.

O resto do sistema debe ser de serie do fabricante.

.- Depósitos:

.-O depósito de gasolina de serie do fabricante.

.-Autorízase un depósito de auga para o lavaparabrisas cunha capacidade máxima de 10L. A súa fixación a carrocería realizarase mediante unha caixa metálica e catro parafusos de polo menos calidade M8 e iso 8.8.

.-Canalizacións:

.-A bomba de combustible poderá substituírse por unha denominada de exterior e solo unha de cantidade. Prohíbense os acumuladores.

.-Todas as conducións de combustible, aceite e freos deben cumprir as especificacións do Anexo J.

.-Paneis:

.-As partes exteriores sen modificacións e sen recortes, (ej. defensas, aletas, capos, etc.)

.-As partes interiores non se poderán recortar, de orixe. Os paneis das portas, costados, teitos, moquetas, etc, pódense eliminar. Tódolos buracos e aristas débense tapar (ej. portas, costados, etc.)

.-Carrocería:

.- Defensas de serie.

.- Prohibido reforzos frontais do chasis, etc.

.-Cristais:

.-O parabrisas, os cristais laterais e o cristais traseiro deben ser totalmente transparentes e non se permite ningún tipo de publicidade ou calquera outra cousa que reduza a visibilidade, agás o nome do condutor nas fiestras traseiras. Autorízase unha banda parasol no parabrisas.

.-Autorízase a substituír os cristais laterais e a luna traseira por uns de policarbonato según anexo J.

.-Extinción:

.-Obrigatoria unha extinción según o anuario fa FGA do tipo A ou B. No se defecto según anexo J

.-Proteccións:

.-Autorízase a monta dun cubrecarter de protección.

.-Volante:

.-Pódese substituír o volante por un de competición.

.-Barras antivolco:

.-Serán homologadas según anexo J.

.-Baket:

.- Será homologado con fixacións según anexo J.

.-Arnés:

.-Homologado mínimo 6 puntos según anexo J.

.-Batería:

.-Esta e libre e estará solidamente fixada e protexida na súa localización orixinal. Se a batería se move desde a súa posición orixinal, a súa instalación realizarase de acordo co anexo J.

.-Pezas:

.-Poderanse substituír pezas de recambio de variante orixinal ou de competencia, pero que figuren no tarifario de recambio do fabricante.

.-Pesos:

Cilindrada cc	Peso kg
Hasta 1400	830
De 1400 a 1600	890

.- Calquera cousa realizada no vehículo e non autorizada por escrito está prohibida.